

- Méndez Núñez.
- Avenida Castelao.
- Praza da Contitución.
- Avenida de Bueu, subida a Pedra Alta.
- Ó redor das zonas de praias

PERTENCENTES Á SEGUNDA CATEGORIA:

- Restantes rúas do casco urbano de Cangas

PERTENCENTES Á TERCEIRA CATEGORIA:

- Praias e outros núcleos urbanos.

PERTENCENTES Á CUARTA CATEGORIA:

- Resto do municipio.

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE
INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS
DE NATUREZA URBANA**

ARTIGO 1.—FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible do imposto o incremento de valor que experimenten os terreos de natureza urbana e que se poña de manifesto a consecuencia da transmisión da súa propiedade por calquera título, ou da constitución ou transmisión de calquera dereito real de goce, limitativo do dominio, sobre os referidos terreos.

Dan lugar á realización do feito imponible:

1. Todo tipo de transmisións de dominio, sexan inter vivos ou mortis causa, onerosas ou lucrativas.
2. Todo tipo de constitucións e transmisións de dereitos reais de goce limitativos de dominio, sexan inter vivos ou mortis causa, onerosas ou lucrativas.

ARTIGO 2.—

Terán a consideración de terreos de natureza urbana aqueles terreos considerados como tales para os efectos do Imposto sobre Bens Inmóbeis, con independencia de que estean ou non contemplados como tales no Catastro ou no padrón de aquel. Para os efectos deste imposto, estará asimismo suxeito ó incremento do valor que experimenten os terreos integrados nos bens inmóbeis clasificados como de características especiais para os efectos do Imposto sobre Bens Inmóbeis.

ARTIGO 3.—SUPOSTOS DE NON SUXEICION

1.—Non está suxeito a este imposto o incremento de valor que experimenten os terreos que teñan a consideración de rústicos a efectos do imposto sobre Bens Inmóbeis.

2.—Non se producirá a suxeición ó imposto nos supostos de aportacións de bens e dereitos realizados polos cónxuxes á sociedade conxugal, adxudicacións que ó seu favor e en pago delas se verifiquen, e transmisións que se fagan os cónxuxes en pago dos seus haberes comúns.

3.—Tampouco se producirá a suxeición no suposto de transmisións de bens inmóbeis entre cónxuxes ou a favor dos seus fillos, consecuencia do cumprimento de sentencias nos casos de nulidade, separación ou divorcio matrimonial, sexa cal sexa o réxime económico.

ARTIGO 4.—EXENCIONS OBXECTIVAS

Están exentos deste imposto os incrementos de valor que se manifesten como consecuencia de:

- a) A constitución e transmisión de calquera dereito de servidume.

- b) As transmisións de bens que se atopen dentro do perímetro delimitado como Conxunto Histórico-Artístico, ou fosen declarados individualmente de interese cultural, según o establecido na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, cando os seus propietarios ou titulares de dereitos reais acrediten que se realizaron ó seu cargo as obras de conservación, mellora ou rehabilitación en ditos inmóbeis.

ARTIGO 5.—EXENCIONS SUBXECTIVAS

Están exentos deste imposto, así mesmo, os incrementos de valor correspondentes cando a condición de suxeito pasivo recaia sobre as seguintes persoas ou Entidades:

- a) O Estado, a Comunidade Autónoma de Galicia, a Provincia de Pontevedra, a Mancomunidade do Morrazo, os Organismos Autónomos do Estado e as entidades de dereito público de análogo carácter da Comunidade Autónoma e das entidades locais.
- b) O concello de Cangas e as entidades de dereito público de análogo carácter ós organismos autónomos do Estado.
- c) As institucións que teñan a cualificación de benéficas ou benéfico-docentes.
- d) As Entidades xestoras da Seguridade Social, e as Mutualidades de Previsión Social reguladas pola Lei 30/1995, do 8 de novembro, de Ordenación e Supervisión dos Seguros Privados.
- e) As persoas ou entidades a quen se teña recoñecida exención en Tratados ou Convenios internacionais.
- f) Os titulares de concesións administrativas revertibles respecto dos terreos afectados ás mesmas.
- g) A Cruz Vermella Española.

ARTIGO 6º. SUXEITOS PASIVOS

1.—É suxeito pasivo do imposto a título de contribuínte:

- a) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio a título lucrativo, a persoa física ou xurídica, ou a entidade á que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de novembro, Xeral Tributaria, que adquira o terreo ou a persoa a favor de quen se constituía ou transmita o dereito real de que se trate.
- b) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio a título oneroso, a persoa física ou xurídica, ou a entidade á que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de novembro, Xeral Tributaria, que transmita o terreo ou que constituía ou transmita o dereito real de que se trate.

2. Nos supostos a que se refire a letra b) do apartado anterior, terá a consideración de suxeito pasivo substituído do contribuínte, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de novembro, Xeral Tributaria, que adquira o terreo ou a persoa a favor de quen se constituía ou transmita o dereito real de que se trate, cando o contribuínte sexa unha persoa física non residente en España.

ARTIGO 7º. BASE IMPOÑIBLE

1. A base imponible deste imposto está constituída polo incremento real do valor dos terreos de natureza urbana posto de manifesto no momento do devengo e expe-

rimentado ó largo dun período máximo de vinte anos. Para determina-lo valor do terreo terase en conta o establecido no artigo 107 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

2. Para determina-lo importe do incremento real a que se refire o apartado anterior aplicarase sobre o valor do terreo no momento do devengo a porcentaxe que corresponda en función do número de anos durante os cales se teña xerado dito incremento. Para calcula-lo número de anos polo que multiplica-la porcentaxe anual tan só se considerarán os anos completos que integren o período de posta de manifesto, sen que poidan considerarse as fraccións de ano.

3. A porcentaxe anteriormente citada será o resultado de multiplica-lo número de anos expresados no apartado 2 do presente artigo pola correspondente porcentaxe anual que será:

- a) Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo comprendido entre un e cinco anos: 2,87.
- b) Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo de ata dez anos: 2,54.
- c) Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo de ata quince anos: 2,43.
- d) Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo de ata vinte anos: 2,43.

4. Cando se modifiquen os valores catastrais como consecuencia dun procedemento de valoración colectiva de carácter xeral, tomarase como valor do terreo o importe que resulte de aplicar ós novos valores catastrais unha redución do 40%, que se aplicará durante os cinco primeiros anos de efectividade dos novos valores catastrais. O valor catastral reducido en ningún caso poderá ser inferior ó valor catastral do terreo antes do procedemento de valoración colectiva.

ARTIGO 8º. COTA INTEGRAL E COTA LIQUIDA

A cota íntegra do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame do 18%. A cota líquida será o resultado de aplicar sobre a cota íntegra a bonificación á que se refire o artigo seguinte.

ARTIGO 9º. DEVENGO

1. O Imposto devéngase:

Cando se transmita a propiedade do terreo, sexa a título oneroso ou gratuito, entre vivos o por causa de morte, na data da transmisión.

Cando se constituía ou transmita cualquera dereito real de goce limitativo do dominio, na data en que teña lugar a constitución ou transmisión.

2. Para os efectos do disposto no apartado anterior considerarase como data da transmisión:

Nos actos ou contratos entre vivos a de outorgamento do documento público e, cando se trate de documentos privados, a da incorporación ou inscrición nun Rexistro Público ou a da súa entrega a un funcionario público por razón do seu oficio.

Nas transmisións por causa de morte, a da morte do causante.

ARTIGO 10º. XESTION DO IMPOSTO

1. Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar no Concello declaración-liquidación por este imposto en impreso regulamentario do que se proverán no Negociado de Plus-Valía. Acompañarán a autoliquidación copia do recibo do I.B.I. onde conste o valor do solo ou ben certifi-

cación do catastro relativo á finca ou inmovible transmitidos e copia do documento ou escritura onde consten os actos ou contratos que orixinan a imposición.

No caso de que a identificación da finca que conste no documento de transmisión non coincida cos datos identificativos que figuran no recibo de I.B.I. deberá aportarse plano de situación a solicitar na Oficina de Urbanismo.

2. As declaracións-liquidacións serán comprobadas pola Intervención do Concello, practicando, segundo proceda, liquidación complementaria ou devolución de oficio. No caso de que sexa correcta convertírase automáticamente en definitiva.

3. Os prazos para presentar declaración e no seu caso realizar o ingreso da autoliquidación serán os seguintes.

- a) Cando se trate de actos inter-vivos, trinta días hábiles a partir da data de devengo.
- b) Cando se trate de actos por causa de morte, seis meses prorrogables ata un ano, previa solicitude do suxeito pasivo.

4. Cando o terreo, aínda sendo de natureza urbana ou integrado nun ben inmovible de características especiais, no momento do devengo do imposto non teña determinado o valor catastral, os suxeitos pasivos ou os seus representantes presentarán os documentos referidos no apartado 1 anterior nos prazos sinalados no apartado 3, sen realizar autoliquidación. O Concello practicará a liquidación cando o valor catastral sexa determinado, referindo dito valor o momento do devengo.

ARTIGO 11.—OBRIGAS DE PERSOAS DISTINTAS DO SUXEITO PASIVO

1. Están obrigados a comunicar ó Concello a realización do feito imponible, nos mesmos prazos que o suxeito pasivo:

- a) Nas transmisións e nas constitucións ou transmisións de dereitos reais de goce limitativos de dominio a título lucrativo inter-vivos, o doador ou quen constituía ou transmita o dereito real de que se trate.
- b) Nas transmisións e nas constitucións ou transmisións de dereitos reais de goce limitativos de dominio a título oneroso o adquirente ou a persoa a favor de quen se constituía ou transmita o dereito real de que se trate. O Concello facilitará impresos regulamentarios para estas declaracións.

2. Os notarios estarán obrigados a remitir ó Concello, dentro da primeira quincena de cada trimestre, relación ou índice comprensivo de tódolos documentos por eles autorizados no trimestre anterior, nos que conteñan feitos, actos ou negocios xurídicos que poñan de manifesto a realización do feito imponible deste imposto, con excepción dos actos de última vontade. Tamén estarán obrigados a remitir dentro do mesmo prazo, relación de documentos privados comprensivos dos mesmos feitos, actos ou negocios xurídicos, que lles fosen presentados para coñecementos ou lexitimación de sinaturas. O previsto neste apartado entendese sen prexuízo do deber xeral de colaboración establecido na Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 12. INSPECCION E RECADACION

A inspección e recadación do imposto realizarase de acordo co previsto na Lei Xeral Tributaria e nas outras leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións dictadas para seu desenvolvemento.

ARTIGO 13.—INFRACCIONS E SANCIONS

No relativo ás infraccións e sancións tributarias así como en todo o non previsto nesta ordenanza será de aplicación a Lei Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día primeiro de xaneiro do ano 2.006, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA
POR SERVIZO DE INMOBILIZACIÓN E RETIRADA DE
VEHÍCULOS**

ARTIGO 1.—FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 20 a 27 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, este Concello establece a “Taxa por inmovilización e retirada de vehículos”, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no artigo 57 do citado Texto Refundido.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE E DEVENGO

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación do servizo de retirada, transporte e custodia dos vehículos motivada pola actuación ou conducta negligente dos condutores ou titulares dos vehículos que obrigan ó Concello a realizar de oficio unha actividade por razóns de seguridade vial.

1.—A retirada, transporte e custodia dos vehículos producirase nos casos previstos na lexislación vixente e concretamente:

- a) Cando o requiran as autoridades xudiciais ou administrativas.
- b) Cando o vehículo se atope en estado de abandono.
- c) Cando o vehículo se atope estacionado na vía pública de tal forma que perturbe, entorpeza u obstaculice a circulación por esta.
- d) Cando o vehículo sexa inmovilizado polos axentes da autoridade e transcorran máis de 24 horas sen que o conductor ou o propietario proceda a subsanar as deficiencias e a retirar-lo mesmo.

2.—A obriga de contribuír nace, devengándose a taxa, no momento en que intervengan os axentes municipais co fin de retirar, trasladar ou inmovilizar os vehículos.

**ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS E RESPONSABLES
TRIBUTARIOS**

Son suxeitos pasivos da Taxa en concepto de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades á que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que sexan propietarios dos vehículos.

Responderán solidariamente xunto co suxeito pasivo, os condutores do vehículo que aparezan como causantes da conducta da que deriva a produción do feito imponible, así como as persoas físicas ou xurídicas ás que se refire a Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os sinalados como tales pola Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 4º. COTA TRIBUTARIA

A cota desta Taxa será a que figura no anexo desta Ordenanza.

ARTIGO 5º. NORMAS DE XESTION

A taxa regulada na presente ordenanza é plenamente compatible coas sancións que procedan de acordo co cadro de multas da normativa vixente en materia de circulación.

Trasladados os vehículos ó lugar de depósito, pola dependencia administrativa que corresponda ou polo concesionario do servizo cursarase comunicación ó titular do vehículo para que se faga cargo deste e aboe o importe das taxas correspondentes, debéndose facer efectivas no momento no que o titular ou persoa interesada se presente a recolle-lo vehículo.

A saída de toda clase de vehículos ingresados no lugar de depósito autorizarase por quen dispuxo o seu ingreso ou persoa habilitada; únicamente poderán ser entregados ós titulares ou persoas autorizadas, as cales procederán nese momento a abona-la taxa de acordo coa tarifa contida no presente anexo. Contra dito ingreso poderán interpoñer-se os recursos que en dereito procedan.

Transcorridos os prazos fixados na Lei Xeral Tributaria para o ingreso en vía voluntaria procederase ó cobro da taxa pola vía do apremio.

Cando os titulares dos vehículos depositados fosen descoñecidos, a notificación á que se refire o presente artigo practicarase mediante anuncio no B.O.P., sendo o seu importe a costa do interesado.

ARTIGO 6.—BENEFICIOS FISCAIS

Non serán aplicables beneficios fiscais, agás os que poidan establecerse en normas con rango de Lei e nos derivados da aplicación de tratados internacionais.

ARTIGO 7.—INFRACCIONS E SANCIONS

En materia de cualificación e sanción das infraccións cometidas en materia tributaria, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza estará vixente o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comenará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2006, estando en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas

**ANEXO Á ORDENANZA REGULADORA DA TAXA
POLO SERVIZO DE INMOBILIZACIÓN E RETIRADA
DE VEHÍCULOS**

	<i>Retirada e transporte</i>	<i>Depósito por día</i>
Ciclomotores	22,00€	4€
Motocicletas, triciclos, motocarros e análogos	33,00€	4€
Turismos	55,00€	4€
Furgonetas e análogos ata 1.500 kg (PMA)	66,00€	4€
Idem 1.501 a 3.500 Kg	99,00€	8€
Camións e outros vehículos de 3.501 a 6.000 Kg	153,00€	17€
Camións articulados e outros vehículos	273,00€	25€

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS

ARTIGO 1.—FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polos artigos 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 20 a 27 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, este